

## HOTEL CARIOCA

### CAPÍTULO I CAFÉ PARA DOUS

Endexamais o imaxinaría así. Podíase atopar o rastro da súa determinación en arroutadas coma esta, pero a súa calada debilidade polos homes foi toda unha sorpresa. De primeiras pensei que a faísca de desexo nos ollos era unha consecuencia directa do alcol, que fai a realidade máis vaga. Con todo, cando a música de Chet Baker encheu con máis soidade o baleiro do meu apartamento e el se espiu e foi deixando o rastro da súa roupa coma un camiño perigoso, souben que a súa resolución estaba fóra de calquera titubeo e seguino coa torpe coquetería dun ser tímido. As caricias parecían equívocas e percorrín cos dedos o fi no trazo do seu nariz, o queixo puntuado pola súa barba encarnada, o cabelo roxo e rizado e a dureza do seu sexo adiviñado nos calzóns. Sentía flotar no aire o desexo e tiven medo de min mesmo, porque era, se non a primeira, polo menos a única vez que alguén viñera pola súa conta ao meu apartamento. Biquei as súas pálpebras resignadas consciente de que o luxo estaba nos seus ollos, verdes coma esmeraldas, e el abrazoume con forza e levoume cara á cama. Quixen dicir algo adozando a voz e investindo as palabras de tenrura para o avisar de que se se embarcaba no amor comigo, optaría por unha vía dolorosa, pero as frases eran pesadas coma pedras e só había espazo para os sentidos. Ao medo da miña inexperiencia apegábanse a vertixe e mais as preguntas prematuras dun adolescente, e deixei case toda a iniciativa. Axiña me decatei de que ese pracer oculto xa pertencía á infancia e creouse a intimidación dabondo para explorarmos os sexos coma unha descuberta. Foi todo moi rápido e sentín que o orgasmo viña dun fondo abismo, da presión que buscaba a saída dun estalido e corrinme na súa boca, xusto cando a porta do apartamento soou e puiden ver o corpo da miña nai a través do cristal esmerilado. O corazón estivo a piques de me estoupar porque ela me dixera que esta tarde marchaba no coche de liña á vila para asistir ao enterro dunha súa curmá. A primeira reacción foi tapar os corpos coa saba e prepararme para a sorpresa da súa dor e o seu noxo. Nunca lle dixera nada e non me cabía dúbida de que ela non facía de contas da miña homosexualidade. Pero aí estaba o seu loito rigoroso, asexante no corredor, fi ando hipóteses. Ao que se abrise a porta, ela non sabería que dicir e o meu silencio sería unha terrible confirmación que a podería deixar fóra de combate. Con todo, algo parecía detela e, durante uns minutos, non deu ese paso. El, que ao principio entendeu a situación como algo divertido e mesmo a súa risa nerviosa soou cristalina no cuarto, rematou por se inquietar cando viu que a miña preocupación era seria.

«Queres que me esconda no armario?». O timbre da súa voz soaba finxido, dun viril esgotado. O seu sorriso seguía humedecido de desexo.

Embozados nas sabas, coma dous nenos axotados, deixamos pasar os minutos á espera de que a miña nai entrase cos ollos desorbitados e se persignase para desfacer o noso pecado. Pero os minutos ían pasando e ela, se cadra avergoñada, non era quen de entrar no meu cuarto e entretívose na cociña facendo algo, coma sempre. Escoitei un bater de pratos e correr a auga da billa, diversos ruídos que non me permitían saber cal era o contido desa trasfega até que un mesto cheiro a café reduciu á metade a miña preocupación. Despois houbo un silencio estraño e a súa sombra proxectouse no cristal da porta que golpeou suavemente cos cotenos. E aí estaba, cun dispor abstraído, servíndonos dous cafés cun sorriso delicado que agromaba no seu rostro. Non vin decepción nos seus beizos, nin ningunha clase de dor, nin tan sequera a necesidade de abandonar o incómodo da escena. Só complicidade e unha asunción que me sorprendeu e me encheu de orgullo.